



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Admín. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

DECRETO DE MÍNIMOS, SEGUNDO CICLO DE INFANTIL

Saíu publicado no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 1630/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil

([BOE nº 4](#) do 4 de xaneiro de 2007).



LEI 17/2007 DO LIBRO E DA LECTURA DE GALICIA

No DOG do mércores 10 de xaneiro de 2007 saíu publicada a [Lei 17/2007](#), do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia. O apoio expreso ao libro e á lectura obedece á súa condición de instrumentos indispensa-

bles para a transmisión da cultura e o desenvolvemento da nosa identidade.



EXPOSICIÓN CELA E GALICIA

A mostra permanecerá aberta do 17 de xaneiro ao 9 de abril do 2007. Como actividade complementaria ofértase aos centros a posibilidade de asistir a unha proxección do documental "A galeguidade dun premio Nobel" (30') ou das películas *La colmena* (120') ou

Viaje a la Alcarria (55'). Ao alumnado obsequiarano cun exemplar de *La rosa* ou de *Pabellón de reposo*, dentro dun obradoiro didáctico no que se cambiará un libro por un voto.

[Ler máis.](#)



XVI PREMIOS IRMANDADE DO LIBRO

A Federación de Libreiros de Galicia convoca os XVI Premios Irmandade do Libro. Premiaranse as actividades relacionadas co fomento da literatura e da lectura en xeral e da galega en particular. Poderán parti-

cipar os centros de ensino públicos e privados de Galicia.

Máis información: Federación de Libreiros de Galicia R/República de El Salvador, 28, entrechán B, 15701

Santiago de Compostela
 teléfono: 981 599 958 /
 659 646 630

Contido:

Decreto de mínimos, segundo ciclo de infantil	1
<i>Lei 17/2007 do libro e da lectura de Galicia</i>	1
Exposición Cela e Galicia	1
XVI Premios Irmandade do Libro	1
"Premios reina Sofía contra las drogas 2006"	2
Concedidos os premios de bibliotecas escolares	2
Resoltos os premios Mar-ta Mata	2
Concesión axudas para agrupacións centros	2
Traductor para Open Office	2

PREMIOS REINA SOFÍA CONTRA LAS DROGAS 2006

A Fundación para a Atención das Toxicomanías da Cruz Vermella Española (CREFAT), convoca como cada ano os Premios Reina Sofía contra las Drogas 2006. As modalidades dos premios son: prevención no ámbito educativo e comunitario, labor social e medios

de comunicación social. O prazo para a presentación dos traballos remata o 31 de xaneiro de 2007.

[Ler máis.](#)



Portal Galego de Contidos Educativos

<http://www.edu.xunta.es/contidos>

CONCEDIDOS OS PREMIOS DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

Na [Orde ECI/4166/2006](#), do 15 de decembro, resólvese o concurso de boas prácticas para a dinamización e innovación de bibliotecas dos centros escolares. Resultaron premiados, cunha dotación económica de 9.000 euros cada un, o

IES Ramón María Aller, de Lalín (Pontevedra), e o IES Leliadoura, de Fións-Ribeira (A Coruña).



RESOLUTOS OS PREMIOS MARTA MATA

Na [Orde ECI/4092/2006](#), do 22 de decembro, resólvese a concesión do premio Marta Mata á calidade dos centros educativos para o ano 2006, convocados pola Orde ECI/2231/2006, do 27 de xuño. O premio pretende recoñecer o esfor-

zo dos centros docentes e das súas comunidades educativas para mellorar a calidade da ensinanza e o rendemento do seu alumnado.



Plan Valora

<http://www.edu.xunta.es/valora>

CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AGRUPACIÓNS DE CENTROS

Na [Orde ECI/4142/2007](#), do 10 de xaneiro, resólvese a concesión de axudas para o establecemento de agrupacións de centros docentes para a realización e posta en práctica de proxectos comúns. Os centros galegos seleccionados son:

IES Someso (A Coruña), CEIP Emilia Pardo Bazán (A Coruña), IES Carlos Casares (Vigo), CEIP San Pedro de Visma (A Coruña), CEIP Sto. Estevo de Parga (Guitiriz-Lugo) e IES Elviña (A Coruña).



TRADUTOR PARA OPEN OFFICE

O alumno Óscar Hermida, que cursa o Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas da Formación Profesional no IES Chan do Monte desenvolveu, no marco do proxecto Traducíndote, un tradutor capaz de trasladar

documentos de Open Office dende e ás distintas linguas da Península.

[Web do proxecto.](#)

